

Os colexios profesionais de Psicoloxía e Xornalismo xuntamos esforzos nunha iniciativa inspirada polo compromiso social, no convencemento de que a calidade e rigor profesional do noso traballo é unha garantía para a preservación de dereitos democráticos básicos. Compartimos o valor da interdisciplinabilidade, da importancia da análise dos problemas sociais, e somos conscientes da repercusión na po-boación das nosas actuacións.

Por iso, entendemos como básico o compromiso ético das nosas intervencións profesionais, especialmente cando tratamos con feitos ou procesos que colocan os seus e as súas protagonistas en situación de vulnerabilidade.

O xornalismo afronta nestes tempos un dos retos maiores da súa historia. Os medios sufriron fortemente o impacto da crise económica, principalmente pola diminución drástica dos ingresos por publicidade. Lamentablemente, o peche de cabeceiras ou a concentración das empresas xornalísticas apagou, nestes anos, moitas voces que conformaban unha sociedade máis plural.

Por riba, a presión crecente da inmediatez que impoñen as redes sociais está abocando a moitas e moitos profesionais a asumir novas tarefas e rutinas de traballo. Co requisito da actualización constante e coa esixencia de converter a información nun “reclamo” para obter máis ingresos polo sistema do “pay per click”, a sensación de asfixia imponse na maioría das redaccións. A isto súmase unha evidente crise de identidade da empresa xornalística, que permanece descolocada ante a percepción da “competencia” da internet.

Os criterios economicistas impóñense, tamén nos medios audiovisuais. Proliferan os formatos que mesturan a información e o entrete-nimento, e que moitas veces canxean o rigor polo morbo e a seriedade polo sensacionalismo para incrementar as cifras de audiencia.

Medra a dependencia económica de xornais, emisoras de radio e ca-deas de televisión dun xeito inversamente proporcional á confianza da cidadanía. Nas redes, o rumor e a ‘postverdade’ ocupan, demasia-das veces, o lugar da análise e a información contrastada. E, en lugar de optar decididamente pola profesionalización da información, os

**verifica**

**contextualiza**

**profunda**

**respecta**

**visibiliza**

**normaliza**

**con exactitude**

**perspectiva de xénero**

**veracidade**

**rigor**

**consentimento**

**seguridade**

**protección**

**igualdade**

**rompendo tabús**

**fontes fiables**

medios estanse deixando arrastrar cada vez máis por unha dinámica completamente allea ao xornalismo que os condena á maior crise de credibilidade da súa historia. Caen os lectores e lectoras, as audien-cias e os beneficios..., e medran os EREs, os despedimentos e a preca-riedade.

O sector, ao carecer de colexiación obrigatoria, adoece dunha evi-dente falta de posicións comúns entre os e as súas profesionais, que moitas veces se ven indefensos á hora de reivindicar unhas remunera-cións e uns dereitos mínimos. Nesta situación, a existencia de códigos deontolóxicos autorreguladores para a profesión demóstrase clara-mente insuficiente e a función social dos medios, esencial para o nor-mal desenvolvemento dun sistema democrático, está na corda frouxa.

Neste contexto, a liña de colaboración entre o Colexio Profesional de Xornalistas e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia quere constituír unha chamada de atención sobre as eivas que detectamos con fre-cuencia na elaboración de noticias, especialmente nas informacións relacionadas co sufrimento humano. Son carencias que, moitas veces, non respectan o dereito á intimidade e á propia imaxe das vítimas e que, moitas outras, acaban por incrementar a súa dor. Desde un punto de vista social, o máis grave deste tipo de enfoques é que non contri-búen ao necesario cambio de valores que conduciría a unha socieda-de máis xusta e igualitaria.

Neste traballo que presentamos incluímos recomendacións e informa-ción de interese para a abordaxe de noticias sobre Violencia Contra a Muller, Suicidio, Saúde Mental, Menores e Emerxencias. Apelamos á responsabilidade das administracións públicas e ao seu compromiso coa transparencia informativa, que é a mellor garantía dunha informa-ción veraz. Pero instamos, moi especialmente, ás persoas responsa-bles dos medios para que asuman o seu compromiso coa información como salvagarda para a supervivencia do xornalismo.

3 de outubro de 2017

De 10 h a 13 h

Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación  
da Universidade de Santiago de Compostela

Entrada gratuíta.

# INFORMA\_

# DOR

## INFORMACIÓN E SUFRIMENTO HUMANO

### 10.00 h **Inauguración da xornada**

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

*Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*

Francisco González Sarria

*Decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*

### 10.15 h **Presentación dos documentos elaborados polo grupo de traballo conxunto do CPXG e o COPG**

Representantes do Grupo

### 11.15 h **Pausa**

### 11.30 h **Mesa redonda información e sufrimento humano**

José Luis Rodríguez-Arias Palomo

*Psicólogo*

Rosa M<sup>a</sup> Calaf Solé

*Xornalista*

Moderan:

Xabier Macías Virgós, *Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*

e Rocio Lizcano González, *Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*

3.10.2017

XORNADA

INFORMACIÓN  
E SUFRIMENTO HUMANO

### **Recomendacións profesionais sobre información e sufrimento humano**

Os colexios profesionais de **Psicoloxía e Xornalismo** entendemos como básico o compromiso ético das nosas intervencións profesionais, especialmente cando tratamos con feitos ou procesos que colocan os seus e as súas protagonistas en situación de vulnerabilidade.

A nosa colaboración quere constituír unha chamada de atención sobre as eivas que detectamos con frecuencia na elaboración de noticias, especialmente nas informacións relacionadas co sufrimento humano. Son carencias que, moitas veces, non respectan o dereito á intimidade e á propia imaxe das vítimas e que, moitas outras, acaban por incrementar a súa dor.

INFORMA\_DOR inclúe recomendacións prácticas e información de interese para a abordaxe de noticias sobre Violencia Contra a Muller, Suicidio, Saúde Mental, Menores e Emerxencias, Catástrofes e Persoas desaparecidas.

Organizan:



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA